

INVITACIÓN Á ÉTICA E FILOSOFÍA DO DEREITO (2º Bach.)

A materia de Ética e Filosofía do Dereito está deseñada para dotar o alumnado de instrumentos e ferramentas de análise que lle permitan abordar dun xeito máis consciente e racional os distintos niveis de códigos normativos que rexen a vida nas sociedades contemporáneas, complexas e plurais no moral e no ideolóxico. Búscase extender e profundizar a reflexión filosófica iniciada en 1º de Bach. sobre algunhas cuestións tales como :

- Somos libres os seres humanos? Debería a sociedade por feno a liberdade?
- As normas e valores morais son algo absoluto ou dependen de cada sociedade?
- Como resolver un conflito de valores?
- Actuar ben é guiarse polos outros ou seguir as normas?
- Cales son as relacións entre moral e Dereito? E entre Dereito e democracia?
- Cando é ético desobedecer ó Dereito?
- Deberíamos guiarnos polas normas do Estado se van contra os Dereitos Humanos?

O desenvolvemento da asignatura require o estudo dunha serie de conceptos teóricos pero terá sobre todo un **carácter eminentemente práctico** a partir do **debate e exposición de traballos e textos que se traballarán xuntos en clase para pasar a discutir sobre eles.**

- unha maior madurez, claridade e precisión na análise das cuestións referidas aos problemas que teñen que ver coa liberdade e a xustiza.
- unha máis aguda valoración crítica da complexidade dos beneficios e dos prexuízos das nosas sociedades, que posúen unha organización social e política complexa.
- unha decidida actitude crítica fronte ós códigos de valores impostos á forza.
- unha máis profunda comprensión desa realidade a través da lectura, debate e comentario de textos así como a partir de textos que aborden esas cuestións.
- unha maior capacidade á hora de compoñer textos que expresen coherentemente e de maneira clara e esquemática o resultado do voso traballo de comprensión e reflexión sobre os problemas tratados.
- Unha visión máis profunda de cales son os aspectos máis valiosos da propia vida e que deberían estar en primeiro lugar.